



**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INTEGRADAS DENTRO DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA.**

**RESULTADO DO PRIMEIRO EXERCICIO.-** Reunido o Tribunal Cualificador o día 07 de maio de 2021 para proceder á súa cualificación, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base quinta, alínea a) das bases específicas, as aspirantes aprobadas obtiveron as seguintes cualificacións:

APELIDOS, NOME	NOTAS
DURÁN PENABAD, ANA MARÍA	16
BARCIELA BALADO, CLARA	14,67
PORTELA SABAJANES, MARTA	14,67

De conformidade co disposto na base quinta, alínea a) das bases específicas, o exercicio cualificouse de cero (0) a vinte (20) puntos, determinando o Tribunal fixar a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio en **dez (10)** preguntas acertadas, unha vez descontada, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas ou non contestadas, penalizándose cada resposta incorrecta ou non contestada cun terzo da puntuación que lle corresponda a unha pregunta acertada.

As aspirantes admitidas no proceso selectivo e non incluídas na anterior relación ou non se presentaron ou non superaron o exercicio, de conformidade co disposto na base 11ª das bases xerais do proceso.

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que as aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas. Non obstante, as interesadas tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

As aspirantes que non presenten as alegacións a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra ou directamente no Rexistro Xeral do Concello deberán achegalas tamén, por fax (886212843), no mesmo día da súa presentación, para non interferir nos prazos de realización da seguinte proba.

**PUBLICACIÓN DO RESULTADO.-** O Tribunal dispón que pola Secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo) e, de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello de Pontevedra, a relación coas cualificacións obtidas polas aspirantes aprobadas, convocando ás candidatas que o superaron para a realización do segundo exercicio práctico, obrigatorio e eliminatorio, que consistirá nunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (LibreOffice) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.) no tempo que estableza o Tribunal, **o día 14 de maio de 2021, ás 10:00 horas, na Sala Rons da Casa Azul, sita no primeiro andar do edificio municipal sito na rúa de Sor Lucía.**

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A secretaria do tribunal

